

## Concello de Viveiro

---

### EXPTE.- 5493/2017

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 28 DE NOVEMBRO DE 2017, POLA QUE SE RESOLVEN AS ALEGACIÓNS FORMULADAS Á LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS, E SE FIXA A NOVA DATA PARA A REALIZACIÓN DA VALORACIÓN DE MÉRITOS ACREDITADOS POLOS ASPIRANTES ADMITIDOS, DO PROCESO PARA A SELECCIÓN DUN **MONITOR SOCORRISTA DE INSTALACIÓNS ACUÁTICAS** AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO “PROGRAMA DEPUEMPREGO”, PARA PRESTAR SERVIZOS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE VIVEIRO.

A Alcaldía do Concello de Viveiro ditou Resolución, con data 23 de novembro do 2017, pola que se aprobaba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a selección dun/dunha Monitor/a Socorrista de Instalación Acuáticas, ao abeiro do Convenio de colaboración asinado coa Excma. Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego “Programa Depuemprego, para prestar servizos como de persoal laboral temporal no concello de Viveiro, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 255, de 7 de novembro de 2017.

A dita Resolución ten fundamento no contido da base xeral 6.1, que sinala que: *“rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a lista provisional de admitidos e, se é o caso, excluídos. A dita resolución publicarase no Taboleiro de edictos do Concello de Viveiro e na páxina web [www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)”*

Con data 24 de novembro do 2017, unha das persoas aspirantes, excluídas (Adrián Vijande López) na dita lista provisional, presentou alegacións, en relación á súa exclusión como aspirante para participar no devandito procedemento selectivo, do que tiña sido excluído, por non acreditar, na documentación presentada, que tiña vixente a súa inscrición no Rexistro Profesional de socorristas acuáticos de Galicia, conforme ao previsto como requisito obrigatorio na Base específica 2.A.d) que rexen esta convocatoria; e acreditou ter vixente a súa inscrición no dito Rexistro, completando a presentación da documentación acreditativa da mesma, neste período de alegacións.

Considerando o contido da base xeral 6.2 que sinala: **“6.2. Prazo de alegacións.** *O prazo para que os excluídos poidan alegar o que consideren será de 2 días hábiles a contar dende a publicación da resolución que aprobe a lista provisional no Taboleiro de Anuncios e na indicada Páxina Web. As alegacións deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015. Tendo en conta a urxencia na contratación derivada dos prazos establecidos na subvención que financia a mesma, no suposto de non presentarse no Rexistro Xeral do Concello deberá remitirse dentro do prazo de dous días por fax ao Concello, en caso contrario non será tida en conta”.*

Tendo en conta o previsto na Base Xeral 6.3. que rexe este proceso selectivo que sinala: **“Lista definitiva.** De existir alegacións á lista provisional aprobarase a lista definitiva que se publicará nos mesmos lugares que a provisional”.

Esta Alcaldía, en uso das facultades que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

### RESOLVE

#### 1º.- APROBAR A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS QUE SE SINALA A CONTINUACIÓN:

##### A) ADMITIDOS:

---

### Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

Nº	APELIDOS E NOME
1	ESCUREDO DÍEZ, ALBERTO
2	VIJANDE LÓPEZ, ADRIÁN

### B) EXCLUÍDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
1	BALTAR FERNÁNDEZ, BORIS	Non acredita, xunto coa documentación presentada, figurar como demandante de emprego (base específica 2 A e).
2	OUVIÑA MOREIRA, TAMARA	Non acredita, xunto coa documentación presentada, estar inscrita no Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia (base específica 2 A d).
3	VÁZQUEZ MORÁN, MARÍA ÁNGELES	Non acredita, xunto coa documentación presentada, estar inscrita no Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia (base específica 2 A d).
		Non acredita, na documentación presentada, estar en posesión da titulación esixida (Base específica 2 A d).
		Non acredita, xunto coa documentación presentada, figurar como demandante de emprego (Base específica 2 A e).

**2º.- CITAR AOS MEMBROS DO TRIBUNAL PARA QUE COMPAREZAN A UNHA REUNIÓN DO DITO ÓRGANO QUE, CO FIN DE REALIZAR A VALORACIÓN DE MÉRITOS ACREDITADOS POLOS ASPIRANTES, TERÁ LUGAR NO SALÓN VERDE DA DEPUTACIÓN DE LUGO O MÉRCORES, DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2017, ÁS 10 HORAS.**

Contra a lista definitiva, os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante min, ós efectos do artigo 2.E do Real  
Decreto 1174/1987 a Secretaria.,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**